



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIMIANZO E A AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE VIMIANZO (ENTIDADE ASOCIATIVA PRIVADA) PARA O ANO 2023

Expte. TEDEC: 2023/A005/000004

En Vimianzo, reunidos:

- Dunha parte, dona Mónica Rodríguez Ordóñez, con DNI 79 324 409 P, alcaldesa do Concello de Vimianzo, con CIF P1509300H, en calidade de representante del.
- Doutra parte, don Manuel Ángel Fidalgo Pose, con DNI 79 325 301 A, presidente da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Vimianzo, entidade asociativa privada, con CIF G15845621, en calidade de representante dela.

Ambos os dous recoñécense con capacidade suficiente para convir e subscribir o presente convenio, ante o Secretario Xeral do Concello de Vimianzo, D. Francisco Javier Novoa Juiz, que actúa como fedatario público.

CONSIDERAN

- I. Que as Administracións poden celebrar convenios de colaboración ao amparo do disposto no artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- II. Que, en virtude do establecido no orzamento do Concello, prevese a achega dunha subvención de carácter nominativo, para colaborar coa AVPC.
- III. Que, de acordo co establecido no artigo 16 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no artigo 13 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, é preciso a realización do oportuno convenio entre a entidade asociativa privada beneficiaria e o Concello de Vimianzo, no que se regulen o réxime xurídico aplicable, sen prexuízo do establecido na lexislación vixente.
- IV. Que, na reunión celebrada entre ambas partes, acordouse achegar como subvención nominativa polo Concello de Vimianzo a cantidade de 4.000,00 € no ano 2023.
- V. Que consta a Resolución de Alcaldía núm. 336/2023 do 07/03/2023 que aproba a modificación de crédito, coa modalidade de transferencia de créditos entre



aplicacións da mesma área de gasto, sendo competente a Alcaldía de acordo co artigo 40 do RD 500/1990 (Expte. Tedec 2023/G003/000351).

E, por todo o anterior, ambas partes subscriben o presente Convenio coas seguintes:

CLÁUSULAS

1ª. OBXECTO DO CONVENIO

- I. É obxecto do presente convenio a colaboración do Concello de Vimianzo coa AVPC, entidade asociativa privada, co obxectivo de colaborar nos gastos de funcionamento e de adquisición de materiais da AVPC.
- II. O Concello de Vimianzo comprométese a facilitar á dita asociación un importe de 4.000,00 € en concepto de axuda para colaborar coa AVPC nas condicións sinaladas na cláusula I deste convenio e figuran no expediente os documentos seguintes:
 1. Copia do Regulamento de dita asociación.
 2. Copia da tarxeta de identificación fiscal da dita asociación.
 3. Orzamento aproximado de gastos.
 4. Certificado orixinal da conta bancaria na que efectuar o ingreso.
 5. Declaración responsable de que nin a asociación nin os seus representantes se atopan en supostos de prohibición para percibir subvencións segundo se establece no artigo 13 da LXS, de que a Asociación non ten obrigas tributarias pendentes de pago coas diferentes administracións con potestade tributaria, nin coa Seguridade Social.
 6. Autorización para efectuar solicitude de certificados de non ter débedas coas AEAT, Xunta de Galicia, Seguridade Social e co Concello de Vimianzo.
 7. Declaración sobre outras axudas concedidas, ou solicitadas a outras administracións para o mesmo fin.

2ª GASTOS SUBVENCIONABLES



Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitativa respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante o ano 2023.

En ningún caso serán gastos subvencionables:

- a) Os xuros debedores das contas bancarias.
- b) Xuros, recargos e sancións administrativas e penais.
- c) Os gastos de procedementos xudiciais.
- d) Os impostos indirectos, cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
- e) Os impostos persoais sobre a renda.

3ª ANTICIPO DO GASTO

Anticiparase o pago do 60% do total do concedido, non sendo necesaria a presentación de garantía para o seu cobro e achegarse o 40% restante cando se produza a xustificación.

4ª XUSTIFICACIÓN E DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DOS GASTOS

A xustificación da subvención deberá de facerse presentando a seguinte documentación antes de que transcorran dous meses desde a sinatura deste convenio:

- a) Facturas regulamentarias (con todos os requisitos esixidos polo RD 1619/2021 de 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación) ou documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico mercantil polo importe da cantidade percibida (4.000,00 €). Engadirase tamén a documentación acreditativa dos pagamentos dos importes xustificadas.
- b) Certificado, asinado polo representante da agrupación beneficiaria, de que a subvención se destinou aos mesmos fins para os que foi solicitada e concedida.
- c) Declaración, asinada polo responsable da entidade beneficiaria, das subvencións solicitadas e/ou concedidas por outras administracións e para a mesma finalidade referida neste caso á data da xustificación, co fin de comprobar que as axudas recibidas non superan o 100% do gasto.

5ª OBRIGAS DO BENEFICIARIO

A AVPC queda obrigada a cumprir coas seguintes obrigas:



1. Cumprir os obxectivos de correcta execución das actividades subvencionadas.
2. Xustificar a execución das actividades e a realización dos gastos conforme a este convenio e á normativa aplicable, no prazo outorgado na base 4ª.
3. Someterse ás actuacións de comprobación e control que se establecen na Lei Xeral de Subvencións.
4. Comunicar a obtención doutras subvencións ou axudas que financien as actividades subvencionadas.
5. Estar ao corrente coas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Vimianzo para o cal debe presentar os certificados acreditativos ou ter outorgado autorización ao concello para que os solicite.

6ª VIXENCIA DESTE CONVENIO

O presente convenio de colaboración ten vixencia máxima de catro anos e ata o remate de todo o procedemento de fiscalización da xustificación da aplicación dos fondos percibidos en concepto de subvención e a aprobación da xustificación presentada pola entidade beneficiaria.

7ª CONTROL

A AVPC estará obrigada a facilitar toda a información que se lle requira por parte da Intervención Municipal no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das cantidades libradas, de conformidade cos termos regulados na Lei 38/2003.

Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas no suposto de incumprimento das condicións do presente convenio.

Publicarase na BDNS a concesión da axuda e no Portal de Transparencia municipal.

8ª RESOLUCIÓN

- I. Son causas de resolución do presente convenio:
 1. A denuncia de calquera das partes.
 2. O incumprimento total ou parcial das obrigas estipuladas por parte de calquera dos asinantes.



- II. Dada a natureza xurídico-pública do presente convenio, as controversias que puidesen xurdir na aplicación del, serán resoltas pola xurisdición contencioso administrativa.
- III. As partes asinantes declaran de obrigado cumprimento todo o consignado no presente convenio de carácter administrativo.

En Vimianzo,

Mónica Rodríguez Ordóñez

Alcaldesa do Concello de Vimianzo

Manuel Ángel Fidalgo Pose

Presidente da AVPC de Vimianzo

Francisco Javier Novoa Juiz

Secretario Xeral do Concello de Vimianzo